

“AULA ABERTA DE MICOLOXÍA” EN SALCEDA DE CASELAS

por

O. REQUEJO¹, C. PERÉZ² et J. BARCIELA³

O interese polos cogomelos en Salceda de Caselas é relativamente recente. Os únicos datos bibliográficos atopados, remóntanse a década dos oitenta coa publicación de certas especies comestibles que se podían recoller no val do Caselas na revista da Federación Galega de Micología, *Tarrelas* (REY-PAZOS, 1985), ou na década dos noventa coa reseña dunha recolleita da *Amanita Caesarea*, unha rareza naquela época, próxima ao Pazo do Pegullal (PANDO, 2002), posiblemente a mesma que atopara e fotografara o veciño de Salceda de Caselas Julio Rey, afín ao “Grupo Micológico do Círculo Recreativo Cultural” de O Porriño. En canto a divulgación, atopamos a “Festa dos cogomelos”, organizada pola Asociación Xuvenil “A Turonia” da parroquia de Entenza, ala polo 1996 e ata o presente ano. Dezasete anos seguidos, feito que merece todo tipo de eloxios, sabendo o cuestionado que estaba este produto polos veciños nesa época (Marcos Besada, *com. pers.*). Nos sucesivos anos ían aparecendo pequenas xornadas, como as do Concello organizadas por Umberto Rey dende a OMIX; cursos, como os do centro de capacitación agraria, impartidos por Jaime Blanco ou conferencias, como as da Asociación Trezecatorze ou a Asociación de Veciños San Xurxo, etc.

Por outra banda temos o río Caselas, que vai a ter gran protagonismo na historia micolóxica contemporánea de Salceda, pois foi

¹ San Xurxo, A Laxe nº12B, Salceda de Caselas E-36473-Pontevedra. e-mail: oscarequejo@hotmail.com

Membro do Grupo Micológico Galego Luís Freire

² carlaperezperez@gmail.com

³ eidodascarballas@gmail.com

froito de estudo e publicación da primeira guía micolóxica da comarca da Louriña (REQUEJO, 2010) e o escenario no que transcorre a “Aula aberta de micoloxía”.

No ano 2011 foi presentada unha senda fluvial que acompaña ao río durante 2.182 metros, dende As Pontes (Santa María) ata a Ponte do Rubal (Picoña), era o segundo paseo deste tipo no Caselas, a diferenza é que neste se creou un museo etnográfico, formado por varios muíños rehabilitados. Se ben as sendas se intentan facer da forma mais respetuosa posible co medio, estas humanizacións sempre teñen certo impacto negativo cara a biodiversidade, polo tanto compre compensar ese dano utilizando eses espazos para educación ambiental.

Neste marco e con ese propósito nace a “Aula Aberta de Micoloxía” no río Caselas. Organizada polo Concello de Salceda de Caselas e coa colaboración do Grupo Micolóxico Galego e a A.C.D.E. Trezecatorze, con Jesús Barciela e Óscar Requejo como coordinadores na súa primeira edición.

A finalidade destas xornadas é a divulgación micolóxica e o respecto ao medio ambiente. Para elo se organizou unha exposición, na que a recolección foi moi selectiva e controlada polos coordinadores,



Fig. I. Panel explicativo (Foto Carla Pérez)

recollendo apenas dous ou tres exemplares por xénero e varios xéneros por grupo taxonómico (*Ascomycetes* e *Basidiomycetes*, dentro destes últimos *Agaricales* s.l., *Boletales* s.l., *Tricholomatales* s.l., *Russulales* s.l. e



Fig.2. Explicación nun dos paneis (Fotografía Roberto Requejo)

Aphyllorphorales s.l. separando destes os *Gasteromycetes*). E sabido que a taxonomía mudou moito nos últimos anos, sobre todo coa bioloxía molecular, preferiuse utilizar esta clasificación mais clásica, que aínda que é menos precisa, para iniciarse é mais práctica.

Os distintos grupos taxonómicos montáronse en paneis correctamente etiquetados co binomen e nome popular se é que o tiñan, repartíndose estes taboleiros polos muíños ao longo da senda. Despois a partires dunha hora acordada, comezaría un paseo en grupo con paradas nos muíños, explicando porque se clasificaron así, especies mais relevantes, mais perigosas, mellores comestibles e todo tipo de anécdotas e recomendacións, asimesmo íase falando dos cogomelos que se atopaban durante o percorrido.

No segundo ano de Aula Aberta, sumouse Carla Pérez ao grupo coordinador. Ese ano a novidade era que ademais dos paneis, foron identificados con letreiros a maioría dos cogomelos que medraban na senda eses días, para maior atractivo do paseo. Ademais foi presentado o catálogo micolóxico do Río Caselas (REQUEJO, 2012) e o catálogo de *Myxomycetos* do río Caselas (REQUEJO et ANDRÉS-RODRÍGUEZ, 2012), publicados na revista do Grupo Micolóxico Galego, *Mykes*, outra colaboración Concello de Salceda de Caselas-G.M.G. A presentación foi no auditorio municipal, nun acto onde o presidente do Grupo, José Antonio Díaz Nuñez, en nome da asociación micolóxica, fíxolle entrega ao Alcalde da vila D. Marcos Besada, unha colección de revistas *Mykes*



Fig.3. Recollida de cogomelos para a exposición
(Fotografía Manuel Estévez Barros)

en Galicia, facendo unha pequena parada en Salceda de Caselas. Todo rematou cunha degustación no restaurante Latas, Copas e Puros con un exquisito menú micolóxico.



.Fig.4. *Boletopsis leucomelaena* (Pers.) Fayod, unha especie rara atopada na I edición
(Fotografía Manuel Estévez Barros).

correspondente fotografía, aos asistentes a Aula aberta ao Grupo Micolóxico Galego e a Marisa Castro pola implicación nas xornadas.

para a biblioteca do concello. Seguiu Óscar Requejo falando dos fungos e myxos catalogados no traballo e este deu paso a Dra. Marisa Castro, presidenta de Honra do Gupo Micolóxico e profesora de Bioloxía da Universidade de Vigo, que deu unha conferencia sobre a historia da micoloxía

Agradecementos

A xunta de Goberno de Salceda de Caselas pola súa aposta medioambiental, a xente que colaborou na recollida de cogomelos para a exposición: Martina Martínez Troncoso e Manuel Estévez Barros, Ramón e Ainara Chantada, Gustavo e Roberto Requejo, Marta Martínez, José Piñeiro e Manuel Domínguez Rey, as persoas que cederon as fotos para esta reseña, citados coa



Fig.5 e 6. Cogomelos etiquetados na 2ª edición (Foto Carla Peréz)

BIBLIOGRAFÍA

PANDO, F. 2002. Bases de datos en línea de las colecciones de criptógamas del Herbario Ma-Fungi <<http://www.rjb.csic.es/herbario/crypto/crydbe.htm>>

REQUEJO, O. 2010. *Guía Micolóxica do río Caselas*. Ed. Concello de Salceda de Caselas.

REQUEJO, O. 2012. Catálogo micolóxico (*Ascomycota*, *Basidiomycota*) das ribeiras do río Caselas (Pontevedra, N.O. da Península Ibérica). *Mykes* 15: 9-90.

REQUEJO, O. et ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. Catálogo de *Myxomycetes* (*Protozoa*) das ribeiras do río Caselas (Pontevedra, N.O. da Península Ibérica). *Mykes* 15: 91-107.

REY-PAZOS, A. 1985. Guía orientativa para recolección de algunas setas comestibles. *Región gallega. Tarrelos* 3: 29-30.



Fig.7. Presentación do catálogo micolóxico do Río Caselas (*Mykes* 15). De izq. a drta. Óscar Requejo, Marcos Besada, Marisa Castro e José Antonio Díaz Nuñez (Fotografía José Luís Gonzalez).